

O Concello de Lourenzá convoca o

## XVIII CONCURSO FOTOGRÁFICO FESTA DA FABÁ FOTOGRAFÍAS E IDENTIFICACIÓN

Cada concursante poderá presentar un máximo de 6 fotografías e un mínimo de 4. Estas deberán ser inéditas e que non foran premiadas en concursos anteriores.

Admitiranse fotografías en b/n e cor cunhas medidas 20 x 30 cm reveladas en papel fotográfico, debendo acreditar por escrito a propiedade intelectual das mesmas. Asimesmo deberán ser presentadas en formato dixital (CD) para a publicación da serie gañadora na web -[www.concellodelourenza.es](http://www.concellodelourenza.es) Non deberán ir montadas nin reforzadas sobre cartulina, nin con "passe partout" e tampouco poderán ser presentadas enroladas, non sendo admitidas imaxes de montaxes.

Farase constar ao dorso de cada unha o título da obra e o número de orde dentro da serie, así como o Nome e apelidos, domicilio e teléfono do autor. No caso de querer participar baixo pseudónimo deberase adxuntar nun sobre xunto ás fotografías os datos solicitados anotando no exterior do mesmo e no dorso das fotografías o lema baixo o que se presenta e o título da obra.

### PRESENTACIÓN

As obras poderán ser presentadas no CONCELLO DE LOURENZÁ, Praza do Conde Santo, s/n 27760 Lourenzá (Lugo), (Tf 982121006 e 982121552), ou ben remitidas por correo ou calquera outro transporte indicando no sobre "XVIII CONCURSO FOTOGRÁFICO FESTA DA FABÁ". O prazo de presentación remata o 22/09/2014, e para as fotos remitidas por correo entenderase como data de presentación a do mataselos do sobre.

### PREMIOS E DEREITO DE EXHIBICIÓN

Premiarase a serie de fotografías con 500 €. Haberá unha soa categoría "Terras da Faba" – que sexan todas elas representativas, recoñecibles, distintivas e identificativas da comarca de A Mariña, zona de produción da Faba de Lourenzá.

O premio outorgarase a aquelas fotografías que a xuízo do xurado reflectan mellor e con maior calidade o tema que se desexe resaltar na serie presentada, pasando a ser propiedade do Concello de Lourenzá as obras premiadas das que poderá dispor libremente sempre que se cite ao autor e teña como fin a divulgación e promoción cultural.

### XURADO

O Concello de Lourenzá designará un xurado para a calificación das obras presentadas que emitirá a súa valoración inapelable, actuando de secretario unha persoa en representación da entidade convocante, dándose a coñecer en acto público o día 1 de outubro.

### DEVOLUCIÓN

As obras non premiadas poderán ser devoltas aos seus autores despois da súa solicitude ben sexa escrita (carta ou fax) ou retirando os orixinais persoalmente nas oficinas do Concello entre o día 13 de outubro e 28 de novembro do 2014. Rematado ese prazo as obras pasarán a formar parte do patrimonio do Concello.

### OUTROS

A organización convocante queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases. A concorrencia a este concurso implica a aceptación das presentes bases.

Lourenzá, 30 de xuño do 2014